

TEMA 4 OS MOVEMENTOS DE POBOACIÓN

1. QUE SON AS MIGRACIÓNS? Os movementos migratorios son os desprazamentos das persoas dun lugar xeográfico a outro, coa intención de establecerse de maneira indefinida ou temporal.

Os movementos migratorios poden ser en dous sentidos:

- **Emigración.** É a saída de persoas dunha rexión ou país, e supón unha perda de poboación.
- **Inmigración.** É a chegada de persoas a unha rexión ou país e supón un crecemento da poboación para o lugar que os recibe.

- As **migracións interiores** prodúcense entre diferentes rexións dun mesmo país e redúcense principalmente a dous tipos:

a) Movementos estacionais, por traballos temporais normalmente.

b) Movementos campo-cidade. As cidades ofrecen maiores posibilidades de traballo e estudo.

- **As migracións exteriores** ou internacionais prodúcense cando a poboación abandona o país de orixe. Na actualidade, o número de migrantes internacionais é de 280,6 millóns. Estes movementos poden ser:

- **Continentais.** Movementos de poboación entre países do mesmo continente. Adoitan ser de países con menor grao de desenvolvemento a países máis desenvolvidos.

- **Intercontinentais.** Supoñen a saída da poboación non só do continente. Por exemplo, a emigración a América ou a emigración africana a Europa.

A Organización Mundial para as Migracións define un **migrante** como calquera persoa que se despraza ou se desprazou a través dunha fronteira internacional ou dentro dun país, fóra do seu lugar habitual de residencia,

independentemente de: a súa situación xurídica; o carácter voluntario ou involuntario do desprazamento; as causas do desprazamento ou a duración da súa estancia.

2. CAUSAS E CONSECUENCIAS DAS MIGRACIÓNS

2.1 As catro principais causas da migración son:

- **Económicas e demográficas.** O crecemento da poboación sen posibilidades de acceder a postos de traballo ou á busca de mellores oportunidades económicas orixinan desprazamentos a lugares con demanda de traballadores, maior riqueza e mellor nivel salarial. No 2019 houbo 169 millóns de traballadores migrantes no mundo. Máis da metade (o 54,3%) desprazouse cara a América do Norte e Europa.
- **Políticas e relixiosas.** Fuxir de conflitos, persecucións e de abusos dos dereitos humanos xera fortes correntes migratorias. En 2020, máis de 82 millóns de persoas víronse obrigadas a fuxir das súas casas debido a esto. A maior porcentaxe foi de Siria, Venezuela, Afganistán, Sudán do Sur e Myanmar. Máis recentemente, desde o inicio da guerra entre Ucraína e Rusia a finais de febreiro de 2022, 3,5 millóns de ucráinos fuxiron do seu país.
- **Ambientais.** Son debidos a secas, inundacións, desertización, pragas, terremotos, malas colleitas... A finais do 2020, uns 7 millóns de persoas vivían en situación de desprazamento por desastres naturais. A organización Internacional das Migracións prevé uns 200 millóns de desprazamentos polo cambio climático no 2050.
- **Sociais, culturais e psicolóxicas.** A realización de estudos e o interese por sociedades máis dinámicas ou de cidades ou países atractivos polo seu clima ou condicións culturais son motivo de captación de poboación.

- **Consecuencias dos movementos migratorios:**

Os movementos migratorios producen consecuencias a distintos niveis:

- **Para o migrante:** Significa o acceso a oportunidades, aínda que a decisión implica custos persoais (abandono do fogar, da familia...) e a necesidade de adaptarse a un novo lugar con tradicións e costumes distintos.
- **Para o país de orixe** supón perda de poboación nova e de forza de traballo, o avellentamento da poboación (porque a maioría dos emigrantes son xente nova), o despoboamento dalgunhas áreas e a diminución do paro. Tamén supón unha importante fonte de ingresos porque unha parte dos aforros dos inmigrantes son transferidos aos seus familiares, que viven no país de orixe.
- **Para o país de destino** representa un incremento da poboación en idade de traballar e unha maior oferta de man de obra e favorece a expansión da economía. A nivel demográfico, supón un rexuvenecemento da poboación e un aumento da natalidade.

3. OS FLUXOS MIGRATORIOS MUNDIAIS

Os **fluxos migratorios** refírense ao número de migrantes que entran ou saen dun determinado país ou rexión nun período de tempo concreto.

3.1. No pasado: Os movementos migratorios foron un fenómeno constante na historia da humanidade. O máis destacado foi a migración transoceánica:

- **Entre os séculos XVI e XVIII** as migracións transoceánicas tiveron como destino **América Latina**, principalmente procedentes de **países europeos**, como España, Francia, Portugal, Reino Unido etc.

- **No século XIX**, co barco de vapor, a emigración ultramarina adquiriu unhas dimensións novas. O destino xa non era só América senón tamén **Australia e Nova Zelandia**, ademais doutros **territorios colonizados** (India, Alxeria, África do Sur...). ´

3.2. No presente:

- Nas últimas décadas, os movementos migratorios internacionais adquiriron unhas dimensións e características que non teñen precedentes, froito do aumento das desigualdades económicas, das crises e dos conflitos bélicos. Ademais, a maioría

dos emigrantes non teñen a súa **orixe** en Europa, senón que proceden de zonas menos desenvolvidas cun forte crecemento da poboación (por exemplo, América Central e do Sur, África, Oriente Próximo o Sueste Asiático) e teñen como **destino** os países máis desenvolvidos (Europa e América do Norte). Por outra banda, trátase dunha migración cada vez menos controlada, que en parte se realiza de forma irregular, co paso 'á clandestino das fronteiras.

4. MIGRACIÓN E SOCIEDADE:

A intensidade do proceso migratorio supuxo cambios na sociedade dos países de acollida.

4.1. A multiculturalidade: A multiculturalidade é un termo que implica a aceptación por parte da sociedade receptora de culturas diferentes e supón o mantemento por parte dos emigrantes dos seus valores e normas.

Por exemplo, os hábitos de consumo (alimentación, pezas de vestir...) fan que se abran comercios e restaurantes especializados.

4.2. A integración: A integración é un proceso que se desenvolve en dous niveis:

- Os inmigrantes deben respectar as leis do país que os acolle, xa que chegan a unha sociedade que ten unhas normas de convivencia, uns costumes, unha lingua...
- As persoas do país de acollida teñen que respectar as culturas e aspectos diferenciais dos recentemente chegados, sen pretender unha asimilación que represente a destrución da súa cultura.
- A non aceptación da inmigración pode comportar marxinação social dos emigrantes. En casos extremos poden desencadearse actitudes racistas ou xenófobas. Polo tanto, debemos respectar a diversidade.

4.3. As políticas migratorias: os movementos masivos de poboación son un desafío para os países de destino, por iso se aplican políticas migratorias con medidas como:

- **Regular a entrada de inmigrantes.** A chegada continua de persoas en situación de extrema precariedade a un territorio pode xerar tensións, especialmente en

momentos de crise económica.

- **Establecer os dereitos e as condicións laborais para as persoas inmigrantes.**
- **Planificar políticas para fomentar a integración dos inmigrantes:** formación no modo de vida e na cultura do país de acollida á vez que se respecta a propia dos inmigrantes (multiculturalidade).
- **Facilitar o retorno dos inmigrantes aos seus países de orixe.** Algunhas persoas consideran que a inmigración pode crear problemas económicos (exceso de traballadores) e conflitos sociais. Por iso pecharon as súas fronteiras, levantaron muros ou dificultan o acceso para obter permisos legais ou a nacionalidade. Neste contexto, moitos emigrantes acceden aos seus destinos de forma clandestina. Os inmigrantes irregulares, sen permiso de residencia nin de traballo, atópanse nunha situación de desprotección e en moitas ocasións suxeitos á explotación laboral (longas xornadas de traballo, escaso salario, prestacións sociais insuficientes etc.).

5. OS MOVEMENTOS MIGRATORIOS EN EUROPA

5.1. AS PRIMEIRAS MIGRACIÓNS EUROPEAS

A **primeira gran vaga** migratoria tivo lugar no século XIX, con destino a **América**. Entre **1820 e 1920** saíron de **Europa** ou movéronse dentro dela un total de **55 millóns de persoas**.

As **causas** principais destes movementos migratorios foron a Revolución Industrial e o incremento demográfico de Europa. Ademais, o desenvolvemento dos medios de transporte e dos sistemas de comunicación tamén facilitaron os desprazamentos.

A **segunda vaga** migratoria foi de carácter forzoso e ocorreu entre **1920-1950**. Os europeos víronse obrigados a emigrar debido ás consecuencias da Primeira Guerra Mundial e ás modificacións nas fronteiras. En total emigraron **7,5** millóns de europeos. Alemáns, polacos e gregos foron os máis afectados.

Durante a **Segunda Guerra Mundial**, uns 50 millóns de europeos foron exiliados ou deportados a traballar en campos de concentración en Alemaña. Despois da guerra, e debido á modificación das fronteiras, 14 millóns tiveron que trasladarse forzosamente.

5.2. A INMIGRACIÓN Á EUROPA OCCIDENTAL

Trala **Segunda Guerra Mundial** moitos países precisaron maior cantidade de traballadores: Francia, a República Federal de Alemaña, Suíza e Bélxica foron os maiores receptores, ata **15 millóns de traballadores** chegaron desde o Sur de Europa e o Norte de África.

Este fluxo acadou a súa máxima intensidade a finais dos anos 1960 e principios de 1970, pero a crise económica de 1973 reduciu drasticamente a capacidade de absorción de man de obra, favorecendo o retorno. España foi un dos países de maior inmigración a Europa.

Entre 1959 e 1973 emigraron ao continente o europeo máis **dun millón** de persoas.

5.3. A INMIGRACIÓN ACTUAL EN EUROPA

Nas últimas décadas produciuse un aumento dos fluxos migratorios entre os países europeos. Estes movementos son especialmente numerosos dentro do espazo de libre circulación de traballadores da Unión Europea. Alemaña é o principal punto de destino destes procesos migratorios. Contabilízanse ademais, **novas vagas** de inmigración provenientes do centro de **África, América Latina e Asia cara ao Sur de Europa**. O malestar político en Oriente Medio e o norte de África, así como o conflito entre Ucraína e Rusia, provocou un aumento do número de solicitantes de asilo (**refuxiados**) que tentan chegar ao continente europeo.

6. A EMIGRACIÓN EN ESPAÑA

6.1. MIGRACIONES EXTERIORES ESPAÑOLAS

A emigración exterior española tuvo lugar entre mediados do século XIX e a crise económica do 1975. Os destinos principais foron:

- **América Latina.** Faise masiva a mediados do século XIX. Moitos campesiños, procedentes de Galicia, Asturias, León e as Canarias, emigraron para tratar de mellorar a súa situación económica cara Arxentina, México, Venezuela ou Cuba. A emigración a América diminuíu trala crise do 29.
- **Europa Occidental.** Entre 1960 - 1975 producíronse importantes migracións o cara aos países industrializados de Europa. Esta emigración procedía de tódalas rexións españolas, especialmente de Andalucía e Galicia. Os principais países de destino foron Alemaña, Suíza e Francia. A crise económica de 1973, foi o final da emigración exterior. O paro aumentou en Europa e os gobernos ditaron leis que restrinxían a inmigración.

6.2. MIGRACIONES INTERIORES ESPAÑOLAS:

A migración interior en España iniciouse a finais do século XIX acadando a súa máxima expresión entre 1959 e 1970. Foi unha emigración do campo á cidade, cara ás rexións industrializadas (Madrid, País Vasco e Cataluña). É o éxodo rural. As cidades de acollida medraban precipitadamente e a industria dispoñía de man de obra barata, pero a chegada da inmigración ocasionou graves problemas, como a proliferación de barrios pobres en zonas periféricas da cidade, os suburbios. Pola contra, nos pobos a poboación avellentábase.

6.3. EMIGRACIONES ESPAÑOLAS ACTUAIS

A crise económica do 2008 provocou unha falta de traballo, que foi especialmente destacada na xente nova e máis cualificada. Moitos estudantes, investigadores e traballadores cualificados emigraron, provocando o que se

considerou unha fuga de cerebros. Os principais destinos foron EE.UU, Francia e R.U.

7. A INMIGRACIÓN EN ESPAÑA:

A finais dos anos 90 comezou a inmigración a España, que pasou de ser un estado de emigrantes a ser un dos estados da Unión Europea con máis inmigración. Actualmente, viven en España 5 millóns e medio de estranxeiros, que representan o 11% da poboación. As Comunidades Autónomas que reciben un maior número de inmigrantes son: Illes Balears, Madrid e Canarias. En cambio, viron reducir o seu número: Extremadura, Asturias, Castela e León e Galicia.

7.1 CAUSAS

- O crecemento económico de España e o aumento das oportunidades laborais ao longo da década do 2000 atraeron moitos inmigrantes.
- A situación xeográfica de España no Mediterráneo, fronteira con África e porta de Europa, facilita os fluxos do Norte de África.
- A lingua e o vínculo cultural e histórico atraen as correntes de Iberoamérica.
- O bo clima é un factor que impulsa a xubilados europeos a asentarse no noso país.

7.2 CONSECUENCIAS:

- Rexuvenecen a poboación, debido a que entre os inmigrantes predomina a xente nova e prodúcese un repuntamento da natalidade.
- Aumentan o número de poboación en idade de traballar, en xeral pouco cualificada.
- Contribúen no pago das pensións, xa que tamén cotizan na Seguridade Social.
- Activan o consumo, de maneira que o produto interior bruto se ve beneficiado.
- Achegan unha maior diversidade étnica e cultural, dado que a convivencia pode ser enriquecedora, pero debe desenvolverse nun marco de respecto ás leis do país

de acollida.